

Reclamante: Asociación Autónoma Cultural e Ambiental Petón do Lobo
Expediente. Nº **RSCTG 55/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En resposta á reclamación presentada por ██████████ ██████████ ██████████, en representación da Asociación Autónoma Cultural e Ambiental Petón do Lobo, mediante escrito do 29 de maio de 2017 dirixido á Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. ██████████ ██████████ ██████████, en representación da Asociación Autónoma Cultural e Ambiental Petón do Lobo, presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 31 de maio de 2017, unha reclamación ao amparo da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Subdirección Xeral de Recursos Mineiros (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

O recorrente indicaba que o 13 de febreiro de 2017 solicitou á consellería acceso a información sobre o grupo mineiro Santa Comba (“copia dixital íntegra” dos dereitos mineiros San Antonio 1789, Oportuna 1792, Ampliación a Oportuna 2912, Santa Bárbara 1802, Carmen 1807, Santa María 1790 e Carballeira 1801). O recurso indica que non recibiu resposta no prazo legalmente previsto (un mes -mais os 15 días engadidos por suspensión derivada da posibilidade de alegacións de terceiros interesados-) e que se considere presentada “queixa” ante a comisión e se inste á subdirección a entregar de forma inmediata copia da información pública en cumprimento da lexislación vixente.

Segundo. O 14 de xuño de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á unidade administrativa responsable da transparencia da Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, informara e proporcionara copia completa e ordenada do expediente. O requirimento recibíuse pola administración o 20 de xuño de 2017.

O 14 de xuño de 2017 requirimos ao recorrente que acreditara a autenticidade da súa vontade, o que fixo con entrada do 20 de xuño de 2017 aportando o seu DNI, a acreditación da súa condición de presidente da entidade e CIF e estatutos da mesma.

Terceiro. Non se recibiu o informe e o expediente da consellería. Despois de transcorrido o prazo para iso continúase o curso do procedemento sen ambas cousas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. -Competencia e normativa

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada polas leis 19/2013, do 9 de decembro e 1/2016, do 18 de xaneiro, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O art. 24 da lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no art. 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O art. 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo. O art. 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu art. 28.

Segundo. -Procedemento aplicable

O art. 28.3 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do art. 24 da lei 19/2013, do 9 de decembro.

Estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. - Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*; é a mesma definición da información pública que se contén no art. 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (básica).

Tanto o concepto de información pública como o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla na normativa autonómica e estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas e o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

A lei 19/2013, do 9 de decembro ten por obxecto *“ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública”* e *“regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade”* (art. 1). No seu preámbulo sinala que *“a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”*.

A Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro sinala na súa Exposición de Motivos que *“a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións”* aconsella a aprobación do texto, e resalta a superación dos anteriores estándares (*“avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e de os superar”*), o que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto.- Prazo

O recurso promoveuse cando xa vencera o prazo para a preceptiva resposta por parte da administración e dentro do previsto para a presentación do recurso, que neste caso era calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, posto que non se deu resposta expresa.

Quinto.- Análise xeral

O recorrente solicitou á Subdirección Xeral de Recursos Mineiros (Consellería de Economía, Emprego e Industria) o acceso a determinada información que considera pública e relativa ao grupo mineiro Santa Comba; copia dixital íntegra dos dereitos mineiros San Antonio

1789, Oportuna 1792, Ampliación a Oportuna 2912, Santa Bárbara 1802, Carmen 1807, Santa María 1790 e Carballeira 1801. O recurso indica que non recibiu resposta no prazo legalmente previsto.

Ao non recibirse resposta en prazo o presente recurso promovese contra a desestimación presunta (art. 27.5 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

Reclamouse á unidade administrativa responsable da transparencia da consellería que aportara o seu criterio (expediente do procedemento de solicitude de acceso a información pública e un informe sobre a cuestión), pero non se recibiu, o que obriga a continuar o expediente sen os seus argumentos.

Descoñecemos o contido dos documentos solicitados e en que medida poden verse afectados por algún dos límites de acceso previstos na lei estatal que resulten aplicables ao caso concreto examinado. Polo mesmo motivo tampouco coñecemos en que medida podería darse a información despois de disociala para garantir o dereito de acceso a información non estritamente afectada polos límites (información parcial, art. 16 da lei 19/2013, do 9 de decembro). O anterior prodúcese pola falta de aportación do expediente e do informe sobre o actuado, con incumprimento do requirimento feito por esta comisión.

A falta de alegación en contra por parte da administración, en beneficio do interese público ao acceso á información pública non afectada polo límite legalmente previsto, da lugar a que se teña que aportar a información pedida, aínda que con carácter previo debería examinarse a mesma e realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da lei 19/2013, do 9 de decembro), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista se comprobe que prevalece o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da lei 19/2013, do 9 de decembro).

E dado que desta forma non se pode realizarse a labor propia desta comisión, fundamentalmente a revisión dos criterios da resposta, en especial a ponderación á hora de resolver a petición e de aplicar, no seu caso, os límites ao acceso e a posible prevalencia do interese público ou privado no acceso, a resolución (pendente) na que finalmente se resolva sobre a cuestión debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo. Desesta forma será posible coñecer o fondo do asunto e no seu caso corrixir a aplicación dos criterios de ponderación que poda realizar a administración.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos, procede

Primeiro: Estimar o recurso presentado o 31 de maio de 2017 por [REDACTED] [REDACTED] en representación da Asociación Petón do Lobo contra a denegación presunta da información referida no punto quinto dos fundamentos xurídicos.

Segundo: Instar á consellería a que no prazo máximo de 15 días hábiles responda formalmente (con ofrecemento dos recursos, entre eles o substitutivo que prevé normativa de transparencia) á solicitude de información pública, e especifique claramente os criterios da resolución, en especial os relativos á ponderación que no seu caso realice para aplicar os límites legais ao acceso e o interese público ou privado para o acceso.

Terceiro: Instar á consellería a que no prazo máximo de 15 días hábiles remita a esta Comisión da Transparencia copia da resolución e da información enviada ao recorrente.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 8 de novembro

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga